



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE RIBADEO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA DO ANTIGO HOSPITAL ASILO MUNICIPAL PARA A SÚA ADECUACIÓN COMO CENTRO RESIDENCIAL PARA PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE RIBADEO

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de Ribadeo o instrumento convencional arriba referido por un período que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Ribadeo para o financiamento de obras de mellora no Fogar Residencial do Concello de Ribadeo co fin de posibilitar unha mellor atención ás persoas maiores que precisan deste servizo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de Ribadeo adherido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio do convenio asinado o 3.7.2006, está a levar a cabo a reforma integral do "Hospital Asilo municipal de San Sebastian e San Lázaro" no inmovible





municipal sito na rúa Clemente Martinez de Ribadeo, para a súa adecuación como Centro Residencial para persoas maiores, non dispoñendo de recursos propios suficientes para a a execución destas obras de construción.

Considerando, pois, que o concello non dispón de recursos propios suficientes para levar a cabo a referida actuación, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento das obras de reforma integral do devandito inmovible, posibilitando así a súa adecuación como Centro Residencial, e dotando ao Concello de Ribadeo dun recurso que posibilite a atención ás persoas maiores deste concello que o precisen, ofrecendo unha alternativa de convivencia que manterá ás persoas maiores dentro do seu propio entorno, e proporcionándolles unha atención integral adecuada ás súas necesidades.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento das obras descritas, considerando esta xerencia que a necesidade destas actuacións e o interese común de posibilitar a rehabilitación do inmovible do antigo asilo para a súa adecuación como Centro Residencial, contribuíndo a mellorar a atención ás persoas maiores do Concello de Ribadeo, proporcionándolles unha atención integral adecuada ás súas necesidades, xustifica a colaboración do Consorcio no financiamento destas obras, concretándose esta colaboración co Concello no convenio para tal fin.

Considéranse polo tanto idóneo o financiamento das obras de reforma do antigo Asilo Hospital nos termos expostos, co fin de acadar unha mellor atención ás persoas maiores do Concello de Ribadeo, dando resposta á necesidade de dotar a este concello dun recurso desta natureza, para o cal é necesario unir e coordinar os esforzos e recursos de ambas as dúas administracións.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento da actuación descrita, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade desta actuación e o interese





común de dotar ao Concello de Ribadeo dun Centro Residencial para a atención ás persoas maiores, xustifica a utilización do instrumento convencional para o financiamento das actuacións descritas, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024 considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así como cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Ribadeo para a realización das actuacións descritas un importe máximo de 700.000 euros, con cargo á partida 11.90.311A.7600 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2024.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado





o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

